

As probas darán comezo o día 24 de xuño ás 10 horas, na sala de xuntas da Secretaría Xeral para a Protección Civil (rúa Algalia de Arriba, 31 - Santiago) debendo vir provistos os aspirantes do documento nacional de identidade.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 1991.

José Francisco Alonso Picón  
Presidente do Tribunal

Contra o presente acordo poderase interpor perante esta consellería, reclamación no prazo de 5 días naturais a partir do seguinte o da súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 1991.

Carlos Potel Lesquereux  
Presidente do Tribunal

#### Universidade de Santiago de Compostela

*Resolución do 27 de maio de 1991 de corrección de erros da resolución rectoral do 26 de marzo de 1991 pola que se convocan probas selectivas en quenda de promoción interna e as que resulten baleiras polo sistema de acceso libre, para cubrir 2 prazas de especialistas de impresión offset e 2 prazas de especialistas de laboratorio de fotomecánica e montaxe do grupo IV do cadro de persoal laboral desta universidade.*

Advertido erro na resolución rectoral do 26 de marzo de 1991, referente á convocatoria de 2 prazas de especialistas de impresión offset e 2 prazas de especialistas de laboratorio de fotomecánica e montaxe.

Tendo en conta o establecido no artigo 111 da Lei de procedemento administrativo.

Este rectorado, resolve:

1.º —Corrixi-la base 3.2. da convocatoria, quedando do seguinte xeito:

«Os aspirantes que concorran a estas probas pola quenda de promoción interna deberán estar ocupando, na data de publicación da presente convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, prazas de persoal laboral fixo en calquera das universidades de Santiago, A Coruña ou Vigo, e que pertencen a mesma área profesional (artes gráficas), e categoría distinta ou pertencendo a diferente área teñan superado o correspondente curso convocado ó amparo do establecido no artigo 67 do convenio para o persoal laboral das universidades públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e reuni-los demais requisitos esixidos».

2.º —Amplia-lo prazo de presentación de solicitudes en dez días, a partir da publicación da presente corrección, tanto para os aspirantes en quenda de promoción interna como libres.

3.º —Engadir no apartado 7 do anexo I: «Os aspirantes pola quenda de promoción interna, están exentos do pagamento de dereitos de exame».

Santiago de Compostela, 27 de maio de 1991.

Ramón Villares Paz  
Rector da Universidade de Santiago de Compostela

#### Consellería de Traballo e Servizos Sociais

*Acordo do 6 de xuño de 1991, do tribunal designado para resolver-la convocatoria de persoal laboral fixo para a Consellería de Traballo e Servizos Sociais, anunciada por Orde do 11 de abril de 1991, pola que se fan públicas as relacións provisionais de adxudicación das prazas correspondentes á quenda de trasladados e a de admitidos e excluídos na quenda de ascensos, así como o lugar e a data de celebración das probas para esta última quenda.*

En cumprimento da norma cuarta da Orde do 11 de abril de 1991 da Consellería de Traballo e Servizos Sociais (DOG n.º 77, do 23 de abril), pola que se anuncia proceso selectivo para a provisión de 66 prazas vacantes no cadro de persoal laboral da devandita consellería, o tribunal designado para resolver-la citada provisión, acorda facer pública nos taboleiros de anuncios das delegacións provinciais, así como nos centros dependentes delas, a relación provisional de adxudicación de prazas na quenda de trasladados, e a relación de admitidos e excluídos na quenda de ascensos e tamén o lugar e a data da celebración das probas nesta última quenda.